

Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022

Documento de avance (xuño de 2019)







ÍNDICE

ÍNDICE.....	3
1. INTRODUCCIÓN	1
1.1 ÓRGANO PROMOTOR	2
1.2 ANTECEDENTES	3
1.3 XUSTIFICACIÓN.....	6
2. ALCANCE.....	16
3. ORGANIZACIÓN DO PLAN.....	19
3.1 ESTRUCTURA DO PLAN	19
3.2 RESPONSABILIDADES DO PLAN	19
3.3 SEGUIMIENTO, CONTROL E AVALIACIÓN DO PLAN	20
4. OBXECTIVOS	24
4.1 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	24
4.2 OBXECTIVOS OPERATIVOS	24
5. ÁREAS	27
5.1 ASOCIACIÓNS	28
5.2 DEPORTE.....	29
5.3 LECER.....	30
5.4 INDUSTRIAS CULTURAIS	31
5.5 FAMILIA	32
5.6 FORMACIÓN CONTINUA	32
5.7 ENSINO	33
5.8 COMUNICACIÓN DIXITAL E REDES SOCIAIS.....	34
5.9 ECONOMÍA	35
6. MEDIDAS	37
6.1 MEDIDAS XERAIS	37
6.2 ASOCIACIÓNS	38
6.3 DEPORTE.....	38
6.4 LECER.....	39
6.5 INDUSTRIAS CULTURAIS	39



6.6 FAMILIA	39
6.7 FORMACIÓN CONTINUA	40
6.8 ENSINO	40
6.9 COMUNICACIÓN DIXITAL E REDES SOCIAIS.....	40
6.10 ECONOMÍA	41
7. CRONOGRAMA.....	43
8. ORZAMENTO	48
9. BIBLIOGRAFÍA.....	50

1. INTRODUCCIÓN



1. INTRODUCCIÓN

A xente nova constitúe un grupo fundamental para o futuro do galego, polo que resulta crucial desenvolver actuacións a prol do seu coñecemento, valoración e uso en todos os ámbitos por parte da mocidade. Para iso é necesaria a implicación de todos os sectores sociais e, principalmente, dos relacionados coas franxas de idade máis novas. Goberno galego, Administración local, medios de comunicación, partidos políticos, tecido asociativo e colectivos xuvenís deben unirse nesta tarefa para incrementar a presenza do galego en todos os contextos e, polo tanto, tamén entre os sectores de poboación nova. Cómpre, ademais, desmontar os prexuízos a través dunha boa información e difundir argumentos que acaben con opinións belixerantes e demagóxicas sobre o galego que aínda permanecen en certos ámbitos.

A mocidade, malia contar coas competencias necesarias, manifesta pouco uso social do galego como demostran estudos recentes. Tamén a súa imaxe sobre a lingua semella, en xeral, positiva, pero iso non se traduce nun uso efectivo do idioma, polo que resulta necesario deter este proceso de desgaleguización, pois son as mozas e os mozos o futuro da sociedade galega e, polo tanto, da súa lingua.

Por estes motivos, a Secretaría Xeral de Política Lingüística decidiu poñer en marcha o Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022, co que se pretende incrementar a presenza e o uso do galego nos espazos de maior interese ou que resultan máis atractivos para a xente nova. O plan busca a participación activa e o compromiso de todas as administracións, entidades públicas e organizacións sociais que interveñen no ámbito da mocidade, para que, coa implicación de todos, se cree unha dinámica de actuación encamiñada a poñer en marcha iniciativas dirixidas a aumentar o uso do galego entre mozas e mozos.

O enfoque do plan segue as seguintes directrices:

- Realizarase en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, departamento autonómico que se ocupa de atender as necesidades e inquiredanzas da poboación nova residente en Galicia.
- Considérase que é un **plan da Xunta de Galicia no seu conxunto**, polo que prevé a participación activa de todas as consellerías e entidades públicas.
- Configurarase un **proceso de participación** coas entidades máis representativas do ámbito lingüístico e dos sectores que encarnan as políticas de xuventude para manter no tempo a continuidade das accións que se promovan (Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega e outras organizacións específicas da mocidade, a cultura, o voluntariado...).

1.1 ÓRGANO PROMOTOR

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Consellería de Cultura e Turismo, é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia.

En particular, correspóndelle exercer, entre outras, as competencias e funcións seguintes:

- Promover, impulsar e elaborar propostas legislativas e regulamentarias que potencien a normalización lingüística e o fomento do uso da lingua galega.
- Programar e desenvolver medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego.
- Planificar e desenvolver campañas e medidas de fomento do uso, coñecemento e difusión do galego dentro e fóra do territorio lingüístico galego.
- Promover, coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, especialmente no eido do léxico e a terminoloxía.
- Emitir informe sobre os proxectos de disposicións normativas de carácter xeral que promovan os departamentos da Xunta de Galicia sobre a normalización do uso do galego ou sobre a política lingüística en xeral.
- Establecer o marco metodolóxico de referencia e os plans e programas para o ensino do galego ás persoas adultas, de acordo coas directrices do Consello de Europa en materia de ensino de linguas.
- Convocar e administrar as probas e expedir os certificados de coñecemento de galego.
- Promover o diálogo, a cooperación e a colaboración con outras institucións competentes en materia de política lingüística.
- Calquera outra competencia e función que lle sexa delegada ou encomendada pola persoa titular da Consellería.

Estas funcións que, entre outras, ten atribuídas a SXPL xustifican a posta en marcha por parte do devandito organismo deste plan que pretende incrementar o uso do galego entre a mocidade. Moitas das medidas que nel se propoñen enlazan directamente con estas funcións e avalan este departamento na súa intención de levalas a cabo, xa que é o órgano coas competencias en materia de lingua. Isto non significa que sexa o único ente implicado na súa aplicación, posto que todas as consellerías colaborarán para conseguir o éxito do plan. Trátase, pois, dun proxecto unitario da Xunta de Galicia no que todo o Goberno galego estará involucrado. Así, todas as consellerías e organismos dependentes irán implicándose progresivamente na implantación deste plan e na posta en marcha das actuacións incluídas nel, así como doutras que vaian xurdindo a medida que se cree unha dinámica de colaboración

entre todos estes departamentos. Esta filosofía verase claramente na inclusión dun importante número de medidas deseñadas para levar a cabo no marco de convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e outros organismos, principalmente da Xunta de Galicia, pero tamén doutras administracións, de carácter sectorial e local, dinámica que xerará a corresponsabilidade e a implicación progresiva de todos de cara a implementar este plan.

1.2 ANTECEDENTES

O presente Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022 xorde no marco de desenvolvemento do Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) que, no seu sector 2, inclúe unha área dedicada á mocidade. Así mesmo, enlaza cos diferentes plans de xuventude postos en marcha nos últimos anos pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, principalmente, co actual (en fase de elaboración nestes momentos), no cal se recolle a dinamización lingüística como eixe de actuación prioritario.

Tamén conta como antecedente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, documento elaborado pola Xunta no que se establecen as prioridades das políticas do Goberno galego en diferentes ámbitos, entre eles a lingua.

PLANS DE XUVENTUDE

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado (en diante, DXXPV) da Xunta de Galicia é o órgano da Consellería de Política Social ao que lle corresponden as funcións que establece a Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia. A súa prioridade é atender as necesidades e as inxedanzas da poboación nova residente en Galicia e traballar para mellorar a calidade de vida dos mozos e mozas a través de accións e programas que os benefician, incrementen o seu benestar e lles permitan a adquisición de competencias e habilidades. Por este motivo, a DXXPV contou nos últimos anos con diferentes plans estratéxicos que constitúen os principais instrumentos da Administración autonómica para a planificación das políticas dirixidas á xuventude galega.

Así, o Plan estratéxico 2010-2013 (Xuventude 2013: unha estratexia para a mocidade galega), dirixido ao sector da poboación ata os 30 anos, incluía oito eixes de actuación prioritarios: educación, emprego, creatividade e espírito empresarial, vivenda, saúde e deporte, información e formación, participación e asociacionismo, voluntariado e mobilidade. Non se recollía, polo tanto, neste plan a dinamización lingüística como unha liña prioritaria para a mocidade.

Porén, ao ano seguinte, ponse en marcha o Plan estratéxico de xuventude 2014-2016, que incorpora importantes novidades, entre as que destaca a inclusión da dinamización da lingua

galega como eixe de actuación. Así, o citado plan recolle como ámbitos os seguintes: educación, emprego, creatividade e espírito emprendedor, vivenda, saúde e deporte, participación e asociacionismo, voluntariado, información e formación, mobilidade e turismo, dinamización lingüística e igualdade.

En concreto, o eixe 10, Xuventude e dinamización lingüística, inclúe dous obxectivos operativos que citamos a continuación:

- Fomentar e potenciar o uso da lingua galega no contorno escolar e promover espazos de lecer en galego.
- Programar accións formativas para a mocidade co fin de reforzar as súas competencias no idioma galego e consolidar a súa proxección exterior.

No momento actual, unha vez rematada a vixencia do anterior, estase ultimando a aprobación dun novo plan, o Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2019-2021, logo de informe elevado ao Consello da Xunta con data 13 de xuño de 2019.. O novo plan “será o principal instrumento para alcanzar a transversalidade en materia de xuventude co resto de consellerías da Xunta de Galicia, así como a coordinación coas diferentes administracións públicas que incidan no seu ámbito de aplicación” (artigo 4 da Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia).

Ademais, a colaboración entre a DXXPV e a SXPL traducíuse nos últimos anos na posta en marcha de diferentes actividades conxuntas destinadas á dinamización da lingua galega entre a mocidade. Así, por exemplo, iniciativas como o certame “Lingua de Namorar”¹ ou “O galego campá!”² constitúen unha boa mostra desta colaboración, que se verá incrementada agora coa elaboración do presente plan.

PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O Plan xeral de normalización da lingua galega (en diante, PXNLG)³ é o documento marco para a elaboración do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade. O PXNLG contén unha área dedicada especificamente a este sector da poboación.

¹ Concurso en liña de mensaxes de amor en lingua galega, dirixido á mocidade de 14 a 35 anos, cuxo obxectivo principal é dinamizar o uso da lingua galega entre a mocidade nas súas relacións persoais e nas novas tecnoloxías, nomeadamente en internet e na mensaxería instantánea.

² Programa de dinamización lingüística que ten como obxectivos favorecer o desenvolvemento de actividades en galego no contexto dos campamentos de verán da Xunta de Galicia e mais facilitarlle formación e recursos ao monitorado para a realización de actividades que animen os rapaces e rapazas a se expresar nesta lingua.

³ SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA (2004): *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia

Área 4. Mocidade (sector 2. Educación, familia e mocidade)

Esta área sinala como obxectivos os seguintes:

- Estimular nas xeracións máis novas actitudes favorables que se traduzan nun uso xeneralizado do galego, superando vellos prexuizos, presións globalizadoras e inercias negativas.
- Fomentar todo tipo de creatividade de base en galego, como forma lúdica de galeguización e de creación de mercado cultural.
- Garantir que en galego haxa unha oferta ampla, diversificada, competitiva e atraente de produtos de cultura.

Porén, dadas as características da poboación nova, parece conveniente ter en conta tamén medidas recollidas noutros apartados do PXNLG que, malia non estar especificamente configurados para ela, si atinxen estas idades ao tratarse de ámbitos de especial interese para a mocidade. En concreto, teranse en conta as seguintes áreas:

Mocidade (área 4, sector 2. Educación, familia e mocidade)

Asociacións (área 4, sector 6. Sociedade)

Deporte (área 5, sector 6. Sociedade)

Lecer (área 6, sector 6. Sociedade)

Transmisión familiar (área 3, sector 2. Educación, familia e mocidade)

Industrias culturais (área 6, sector 3. Medios de comunicación e industrias culturais)

Formación de adultos (área 3, sector 2. Educación, familia e mocidade)

No PXNLG inclúese un diagnóstico detallado da situación do galego entre a mocidade no momento en que foi publicado (ano 2004), cos seus puntos fortes e febles. A continuación, expóñense os máis destacados que aparecen neste documento de xeito resumido:

Puntos fortes

- Aumento da competencia en galego entre a xente nova.
- Uso consolidado do galego en certos ámbitos formalizados.
- Existencia de certos sectores galegófonos nas cidades.
- Contactos coa aldea e, polo tanto, co galego, frecuentes.
- Concienciación lingüística en certos sectores da mocidade.
- Existencia de grupos de mozas/os que optan polo uso relacional habitual da lingua galega.
- Visión do galego como símbolo de identidade.
- Uso preferente do galego entre a mocidade de certas zonas de Galicia.
- Existencia de actividades xuvenís que se realizan total ou maioritariamente en galego.
- Uso do galego en gran parte de actividades asociativas e reivindicativas.

- Disposición entre parte da mocidade a desenvolver actividades culturais e de lecer en galego.
- Existencia de actividades que favorecen o cambio de estereotipos sobre a lingua.

Puntos febles

- Existencia de poucos contextos sociais, sobre todo nas cidades, nos que o galego funcione como lingua de relación normal.
- Falta de líderes de opinión galegofalantes.
- Escasa oferta asociativa, recreativa e de lecer en galego para a mocidade.
- Escasa presenza do galego nos produtos máis consumidos pola mocidade (televisión, filmes, tecnoloxía etc.).

PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2015-2020

O Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 (PEG) é un documento posto en marcha pola Xunta que ten como obxectivo fomentar un modelo de crecemento económico baseado na innovación e o capital humano, que favoreza unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e o benestar da poboación galega para retomar a senda do crecemento demográfico e facer da nosa Comunidade un territorio máis atractivo para traballar, investir e convivir.

O citado PEG inclúe, no eixe 4 (Sociedade dixital, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu contorno), unha prioridade de actuación que atinxe o galego, a PA.4.2: promover a lingua galega como vínculo de unión entre todas e todos os galegos. Esta prioridade de actuación leva aparelado o seguinte obxectivo estratéxico:

OE 4.2.03: difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade, prestando especial atención á franxa de poboación máis nova, así como ao tecido económico/empresarial e ás súas relacións comerciais cos países de fala portuguesa, propiciando un clima que favoreza o uso cotián do galego.

Polo tanto, o Plan de dinamización da lingua galega na mocidade enlaza directamente con este obxectivo estratéxico do PEG, que nomea explicitamente a necesidade de prestarlle “especial atención á franxa de poboación máis nova” á hora de difundir a conveniencia de empregar o galego en todos os ámbitos da sociedade.

1.3 XUSTIFICACIÓN

A oportunidade de promover e elaborar o documento inicial do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, nace pola necesidade de fomentar e propiciar o seu uso entre a xente nova que xa ten competencias lingüísticas en galego que, porén, non se traducen nun uso real da lingua.

Por este motivo, cómpre crear espazo de uso para que estas persoas competentes poidan empregar o galego, así como para que aquelas outras que xa o fan manteñan a súa lingua habitual e vexan reforzadas as súas prácticas lingüísticas en diferentes contextos.

Así mesmo, o presente plan dedicará unha parte importante dos seus esforzos a atender o fenómeno social do neofalantismo, posto que a presenza de neofalantes en galego é un dos fenómenos que está a contribuír a frear a perda de galegofalantes entre as xeracións máis novas.

As persoas neofalantes son as que teñen como lingua inicial e de socialización familiar un idioma diferente do galego e que aprenderon este noutros espazos, principalmente no sistema educativo. Deste xeito, os e as neofalantes son persoas que incorporan, en maior ou menor medida, o galego aos seus usos lingüísticos, o que lles dá posibilidade de poñer en práctica as súas competencias nesta lingua.

Así mesmo, dentro deste grupo de neofalantes, resulta necesario tamén facer referencia á poboación nova de procedencia foránea, mozas e mozos chegados doutros puntos de España e do mundo que viven en Galicia e xa saben ou desexan aprender a nosa lingua. Neste colectivo tamén podemos diferenciar entre xente nova que non tiña previamente vínculo ningún coa nosa comunidade daqueles que proceden da colectividade galega (de países como Venezuela, Arxentina etc.), posto que, probablemente, moitos destes últimos xa tiveron un contacto previo co idioma.

Segundo datos do IGE de 2018, en Galicia viven 21 332 mozas e mozos de 15 a 29 anos de orixe estranxeira, dos cales 9761 proceden dalgún país de América do Sur e Central e do Caribe, o que representa unha porcentaxe do 45,17 %. O segundo colectivo de orixe foránea máis numeroso procede do continente europeo, 6946 persoas, o 32,56 % do total. Cómpre, pois, tamén deseñar ao abeiro deste plan medidas específicas que vaian dirixidas a este grupo, crear espazos para que entren en contacto co galego e poidan usalo.

Tampouco podemos esquecer a mocidade galegofalante que vive en zonas limítrofes con Galicia, nomeadamente o Principado de Asturias e a comunidade de Castela e León (provincias de Zamora e León). É necesario continuar e mesmo reforzar a colaboración cos colectivos e institucións destas áreas para impulsar accións que fomenten o uso do galego entre as mozas e mozos destes territorios.

Por outro lado, o plan afondará na idea de que a lingua galega é útil en calquera ámbito e para todas as funcións, intentará fomentar actitudes positivas cara á lingua propia de Galicia e poñerá en valor o compromiso da ampliación dos usos do galego na sociedade e, principalmente, entre a xuventude.

A presenza do galego en todos os ámbitos e o seu uso en contextos nos que, ata non hai moitos anos, estaba completamente ausente (medios de comunicación, Parlamento, vida

pública, mundo da cultura, Administración, ensino etc.) contribuíu en gran medida a desterrar ideas negativas sobre a lingua e a aumentar o seu prestixio social. A mellora da imaxe do idioma, o incremento da súa presenza pública, a recuperación de espazos no mundo urbano, a súa incorporación a sectores dos que tradicionalmente estivo ausente sitúanse entre as causas da mellora das actitudes cara á lingua.

Con todo, segundo varios estudos, estase a dar un proceso de desgaleguización na mocidade, colectivo que mostra unha disposición cada vez menor a falar en galego, a pesar de que posúe boas competencias en lingua galega.

A continuación, expóñense algúns dos datos máis salientables respecto aos usos lingüísticos e as actitudes da mocidade recollidos de diferentes estudos publicados nos últimos anos.

Coñecemento e aprendizaxe do galego

O INE publicou en novembro de 2017 os datos da *Enquisa sobre a participación da poboación adulta en actividades de aprendizaxe*, dentro da que se incluían varias preguntas relativas ao uso das diferentes linguas de España. As respostas amosaban para o galego os datos máis positivos con respecto ás demais, excluindo o castelán. Así, o 82,8 % da poboación de Galicia de entre 18 e 64 anos consideraba en 2016 o galego o seu idioma materno e o 89 % manifestaba poder utilizalo.

Segundo a última Enquisa de Condición de Vida das Familias publicada polo Instituto Galego de Estatística (en diante, IGE), correspondente ao ano 2013, máis dun 95 % dos galegos que teñen entre 15 e 29 anos entende o galego oral ou escrito e arredor do 90 % di ter bastante ou moita capacidade para falalo e escribilo. Tanto na capacidade de falar como nas de ler e escribir vese unha mellora de máis de vinte puntos dende os anos 90, o que pode atribuírse, entre outros factores, á introdución do galego como lingua vehicular de materias non lingüísticas no ensino primario e secundario.




Gráfico 1.- Grao de entendemento do galego falado e escrito e saben falar e escribir galego. Universo: mocidade de 15 a 29 anos
Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE (2014)

Hai que ter en conta que, se entre o conxunto da poboación (mozos e mozas incluídos) a familia segue sendo o espazo de aprendizaxe maioritario do galego, entre os menores de 30 anos a escola supera a familia. Este dato non só nos fala da eficacia do sistema educativo na formación lingüística da mocidade, senón tamén dun dos problemas aos que se enfronta o galego actualmente: o da ruptura da transmisión familiar.




Gráfico 2.- Medios polos que aprenderon a falar en galego. Universo: mocidade de 15 a 29 anos
Fonte: IGE (2014)

Segundo a Real Academia Galega (2018), arredor dun 30 % de persoas que herdaron fundamentalmente o galego dos seus pais transmítelles aos seus fillos e fillas fundamentalmente o galego (17 % da poboación total). Os índices de transmisión familiar permanecen estables dende os anos 90, pero, ao incidir sobre unha poboación galegofalante cada vez menor, o seu impacto é crecente.

A prevalencia da escola como espazo de aprendizaxe do galego entre a mocidade tamén nos explica a aparición de novos perfís competenciais. Fronte ao galegofalante tradicional –unha persoa cun elevado dominio da lingua oral, pero que non fora alfabetizado neste idioma e que, polo tanto, tiña dificultades para lelo e non sabía escribilo- xorde entre os mozos urbanos que aprenderon o galego na escola o perfil de quen declara saber escribir, pero ten dificultades para falar. Semella que a mocidade urbana atopa dificultades para dar o paso de incorporar o galego ás súas prácticas sociais habituais.

Usos lingüísticos

Se observamos a evolución no uso do galego e do castelán entre a mocidade galega a partir do 2008, apreciamos un importante descenso do bilingüismo con predominio do galego que se traduce nun aumento dos usos monolingües, moi moderado no caso do monolingüismo en galego e moito máis acusado en favor do monolingüismo en castelán. En calquera caso, tamén se aprecia un incremento das competencias bilingües galego-castelán.

Polo que se refire ao uso, segundo datos do IGE, preto do 37 % dos mozos e mozas de 15 a 30 anos son galegofalantes (dato procedente da suma dos que din falar só galego cos que din falar máis galego ca castelán). Se a eles lles sumamos os bilingües con predominio do castelán atopamos que máis dun 66 % da poboación nova emprega o galego nalgunha medida na súa actividade cotiá. Tendo en conta que, entre o conxunto dos galegos e galegas, esta porcentaxe se eleva ao 73,75 % vemos que, a pesar de que se aprecia un descenso de galegofalantes entre as xeracións máis novas, contamos cunha ampla base demográfica sobre a que asentar a recuperación.




Gráfico 3.- Lingua habitual. Universo: mocidade de 15 a 29 anos
Fonte: IGE (2014)

A etapa da mocidade é en moitas ocasións aquela en que se produce un cambio lingüístico que determinará as preferencias e usos que se terán na idade adulta. Neste sentido, cómpre poñer especial atención nos neofalantes de galego, habitualmente mozos e mozas urbanos ou vilegos. Aínda sendo un grupo poboacional pequeno, é moi significativo, pois supoñen unha minoría moi dinámica na promoción do idioma. Por todo isto, potenciar o neofalantismo e aumentar a valoración social deste colectivo deberá ser unha das tarefas do presente plan.

O Consello da Cultura Galega publicou en abril de 2017 o informe *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*, que ofrece datos sobre os usos lingüísticos da mocidade en diferentes contextos, como, por exemplo, o contexto escolar, no que practicamente hai un equilibrio no uso de galego e castelán; ou as actividades extraescolares, onde o uso do castelán si é maioritario, igual que no ámbito empresarial, no que, tanto na realización de entrevistas de traballo como na redacción do currículo, hai unha preferencia clara a prol desa lingua.

Outro ámbito de uso que tamén esperta moito interese entre a mocidade é o das TIC. Neste sentido resulta de interese o traballo de 2012 *Mocidade, lingua e redes sociais* de Fernando Ramallo. Entre os datos máis salientables deste estudo, cómpre sinalar que a mocidade emprega maioritariamente o castelán como lingua habitual para comunicarse nas redes sociais. Respecto á lingua da interface das aplicacións, parece que hai unha parte da mocidade que, malia que non utiliza o galego en internet, si estaría disposta a empregalo nestas aplicacións se estivese dispoñible.

Para finalizar coa información relativa aos usos lingüísticos da mocidade, ofrécense a continuación algúns datos referidos a estes nas universidades de Galicia, outro ámbito sen dúbida de moito interese pola súa conexión con este colectivo.

Comezaremos coa Universidade de Santiago de Compostela, onde ao longo do curso 2018-2019 o datos demostran que o castelán era a lingua maioritaria na docencia, nunha porcentaxe do 73,69 %, fronte ao 22,57 % de galego.

No que respecta á Universidade de Vigo, segundo o *Estudo sociolingüístico sobre o uso do galego na Universidade de Vigo* publicado en 2018, a lingua empregada nas clases polo profesorado tamén é maioritariamente o castelán, aínda que nunha porcentaxe menor que na institución compostelá. Así, o 54 % do profesorado imparte as súas clases só ou maioritariamente en castelán, fronte a case un 40 % que o fai sempre ou maioritariamente en galego.

Pola súa banda, a Universidade da Coruña presenta para o galego as porcentaxes máis baixas, xa que apenas o 11,6 % da docencia se imparte nesta lingua, mentres que o castelán alcanza unha media do 82,6 %.




Gráfico 4.- Lingua da docencia nas universidades galegas⁴
Fonte: elaboración propia a partir do datos recollidos das tres universidades

Actitudes

En relación ás actitudes, e segundo o traballo do Consello da Cultura Galega *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia* (2017), a xente nova mantén algúns dos vellos prexuízos que se puxeran de manifesto nos estudos de principios de século, ás veces desprazados da lingua galega cara ao acento galego (especialmente se se detecta en castelanfalantes): ruralidade e inutilidade do galego ou identificación dos neofalantes urbanos con posicións políticas nacionalistas, entre outros. Aínda así, a postura xeral dos rapaces e rapazas é favorable ao galego e ás medidas que alenten a súa promoción, en tanto que a belixerancia con esta lingua é case residual. Aínda que estas son actitudes xerais entre todos os mozos e mozas, melloran entre os galegofalantes e a medida que se eleva o nivel de estudos.

A mocidade galega, segundo o devandito estudo, parece mostrar preocupación polo futuro da lingua e o desexo de que o galego continúe falándose nas futuras xeracións, pero, ao mesmo

⁴ Nos datos relativos á Universidade de Vigo, fusionáronse as porcentaxes de galego e maioritariamente en galego, e castelán e maioritariamente en castelán. Nos da Universidade da Coruña, fíxose unha media das porcentaxes que se ofrecían para graos, mestrados e EES.

tempo, amosa un escaso compromiso persoal con el e parece considerar que son outras persoas e/ou entidades as encargadas de garantilo.

En todo caso, o comportamento lingüístico dos mozos e mozas depende moito máis da lingua que herdasen no ámbito familiar ou que predomina no contorno ca das ideoloxías lingüísticas dominantes en cada persoa.

No que respecta ás actitudes sobre o uso do galego no ámbito dixital, segundo o xa citado estudo de Fernando Ramallo case o 83 % da mocidade percibe que a presenza do galego en internet é escasa, fronte ao 11,2 % que a percibe como suficiente. En canto ás opinións, sete de cada dez pensa que esta presenza é insuficiente e só dous de cada dez cren que é excesiva, mentres que o 27,3 % considera que é suficiente.




Gráfico 5.- Opinión sobre a presenza do galego na rede
Fonte: DOMÍNGUEZ, L. A. e F. RAMALLO (2012).

Por outra banda, demanda maior presenza en internet o 84 %, dos cales o 52 % desexaría un lixeiro aumento; o 21 %, un aumento moderado; e o 27 %, un aumento considerable.




Gráfico 6.- Demanda de máis galego en internet
Fonte: DOMÍNGUEZ, L. A. e F. RAMALLO (2012).

Para finalizar este apartado con datos referidos ao coñecemento, o uso ou as actitudes sobre o galego, considerouse relevante facer referencia a unha fonte internacional como é o Barómetro Calvet das linguas do mundo. Trátase dunha clasificación, cuxa última actualización se realizou no ano 2017, que analiza o peso de diferentes linguas tendo en conta doce factores⁵ e na que galego ocupa o posto 50 nunha listaxe de 634 idiomas.

⁵ O Barómetro Calvet das linguas do mundo do ano 2017 ten en conta os seguintes factores (<http://www.wikilf.culture.fr/barometre2017/>): número de falantes, taxa de *vehicularidade*, número de países nos que a lingua ten un status oficial, número de artigos na Wikipedia, número de premios Nobel, entropía, taxa de fecundidade, índice de desenvolvemento humano, taxa de penetración de Internet, universidades, número de traducións a partir da lingua e número de traducións cara á lingua.

2. ALCANCE



2. ALCANCE

En canto ao sector da xuventude ao que se dirixe, a estratexia do presente plan estará enfocada a mozas e mozos cunha idade comprendida **entre os 14 e os 30 anos**, ambos incluídos, pois esta é a consideración de persoa nova recollida na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, se ben, e tal e como prevé a propia lei, en función da natureza e dos obxectivos dos programas e as actuacións poderá ser aplicable a persoas que non estean comprendidas neste tramo de idades. Na mesma lei recoñécese a dificultade de establecer o tramo de idade que engloba a mocidade, pois hai variedade de opinións ao respecto e non existe un acordo común sobre que se debe considerar xente nova. No entanto, desde o Executivo galego considerouse dos 14 aos 30 anos unha franxa de idade suficientemente ampla para abarcar as distintas manifestacións da xuventude, motivo polo que tanto a devandita lei como os sucesivos plans dirixidos a este colectivo se centran especialmente neste grupo etario, incluído o presente dedicado á dinamización da lingua galega na mocidade.

Segundo o Instituto Galego de Estatística, en Galicia había en xullo de 2018 algo máis de 391 200 persoas pertencentes a este grupo de idade (arredor dun 14,5 % da poboación total de Galicia, que alcanza a cifra de 2 703 149), isto é, de entre 14 e 30 anos, das cales 200 208 eran homes e 191 030, mulleres. Por provincias, son A Coruña e Pontevedra as que concentran maior número de persoas novas, con 159 730 e 146 427 respectivamente, mentres que Lugo conta con 44 215 e Ourense 40 867, o que demostra unha diferenza moi significativa con respecto ás dúas provincias atlánticas.

Se analizamos a presenza de xente nova nas sete cidades galegas, o número total de mozas e mozos de entre 14 e 30 anos alcanzaba en 2018 a cifra de 144 408, o que significa que case o 37 % das persoas deste tramo etario habita nunha das urbes de Galicia.

No que respecta ao nivel de estudos da xente nova en Galicia, segundo datos da Consellería de Educación, un total de 30 479 persoas están a estudar Bacharelato no curso 2018-2019; 36 824, Formación Profesional; e 92 525, secundaria. Segundo o IGE, no ano 2017 había un total de 56 878 estudantes matriculados nas universidades galegas.

En canto á taxa de ocupación, segundo a enquisa de poboación activa do IGE, no primeiro trimestre de 2019 en Galicia amosa os seguintes datos para o grupo etario obxecto do presente plan: 6,8 % para a mocidade de 16 a 19 anos; 43,4 %, para a de 20 a 24 anos; e 98,7 %, para a de 25 a 29.

A devandita enquisa tamén ofrece datos sobre a poboación en paro, coas seguintes porcentaxes nos mesmos tramos de idade: 3,6 % para a mocidade de 16 a 19 anos; 12,2 %, para a de 20 a 24; e 18,5 %, para a de 25 a 29.

A partir dos datos que acabamos de ofrecer, dada a amplitude desta franxa de idade e a súa heteroxeneidade, considerouse conveniente a distinción en diferentes tramos etarios, pois esta distinción facilitará non só o deseño de medidas dentro deste plan, senón tamén a súa posta en práctica, tendo en conta os distintos intereses e inquedanzas propios de cada un destes grupos. Así, decidiuse establecer a seguinte distinción:


- 14-17 anos: correspóndese, en liñas xerais, con mozas e mozos que cursan a ESO e tamén os que deciden continuar os seus estudos ao rematar o ensino obrigatorio, ben a través do bacharelato ou a formación profesional, ou mesmo integrarse no mercado laboral.
- 18-23 anos: correspóndese, en liñas xerais, con mozas e mozos que continúan con estudos superiores ou que se incorporan ao mercado laboral. Ademais, pasan a converterse en maiores de idade, o que supón unha serie de implicacións de diversa índole.
- 24-30 anos: correspóndese, en liñas xerais, coa etapa de incorporación ao mercado laboral.

Por outra banda, o presente plan de dinamización ten un alcance temporal **ata o ano 2022**, aínda que con este proxecto se pretende crear unha dinámica participativa das entidades vinculadas con este sector da poboación que supoña unha continuación temporal das actuacións destinadas á dinamización da lingua galega entre a xuventude.

En canto aos ámbitos temáticos ou sectoriais, como xa se comentou anteriormente, considérase como marco de referencia o **Plan xeral de normalización da lingua galega**, o cal inclúe no seu sector 2 (sociedade) unha área dedicada á mocidade. Aínda que o presente plan de dinamización se centra, principalmente, nesta área do PXNLG abordaranse outras que están relacionadas de xeito significativo coa mocidade e que xa se mencionaron no apartado 1.2 (antecedentes).

Así mesmo, o plan enlaza co xa mencionado tamén Plan estratéxico para Galicia 2015-2020 na súa prioridade de actuación referida á lingua galega que se recolle no eixe 4 (Sociedade dixital, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu contorno).

3. ORGANIZACIÓN DO PLAN



3. ORGANIZACIÓN DO PLAN

3.1 ESTRUCTURA DO PLAN

O Plan de dinamización da lingua galega na mocidade estrutúrase principalmente arredor de tres niveis:

- **Obxectivos estratéxicos e específicos.** Os estratéxicos expresan os propósitos xerais do plan para lograr a longo prazo. Deben ser declaracións amplas, alcanzables, coherentes e medibles. Pola súa banda, os obxectivos específicos marcan fins concretos, principalmente dun sector ou unha temática particular.
- **Áreas / liñas de actuación.** Son categorías xerais relacionadas con sectores de especial importancia para a mocidade. Reúnen un grupo coherente de actuacións que poden ter relación con obxectivos específicos ou intermedios.
- **Medidas / Actuacións.** Son pasos individuais e concretos para acadar os obxectivos establecidos. As medidas poden ser descompostas en actividades ou accións específicas para un seguimento adecuado da execución.

3.2 RESPONSABILIDADES DO PLAN

A execución deste plan está concibida para implicar o conxunto da sociedade, especialmente os sectores vinculados con actividades relacionadas coa mocidade. Con todo, a responsabilidade global da súa implantación correspóndelle á Xunta de Galicia.

Cada área de actuación do plan ten una persoa responsable (normalmente da Secretaría Xeral de Política Lingüística), que é a encargada de xestionar o seguimento das actividades desa área. Esta persoa responsable pode constituír grupos de traballo que apoién a xestión, o desenvolvemento, a mellora e o deseño de medias da área.

Plan de acción anual

O plan de dinamización ponse en marcha a partir dos plans de acción anuais, elaborados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e establecidos conxuntamente entre a propia Secretaría Xeral e as consellerías e resto de entidades colaboradoras involucradas no desenvolvemento de actuacións. Deste xeito, proporciónase unha maior flexibilidade no desenvolvemento do proxecto.

O plan de acción anual tomará como base o plan de dinamización e incluírá as actuacións concretas que se van desenvolver no ano correspondente coa súa información de detalle: orzamento, indicadores de control, metas, órganos cos que se acordou o seu desenvolvemento etc.

3.3 SEGUIMIENTO, CONTROL E AVALIACIÓN DO PLAN

Comisión de seguimento

O seguimento da execución do plan levarase a cabo mediante a creación dunha comisión integrada por representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, das entidades involucradas no desenvolvemento de actuacións e de entidades independentes do plan interesadas no ámbito da mocidade e da lingua. A comisión deberá ter persoas coñecedoras das principais áreas consideradas neste proxecto.

A comisión, tomando como base o plan, aprobará o plan anual concreto de actividades que asegurará a posta en marcha das medidas e realizará o seguimento e a avaliación.

A Comisión de Seguimento, cuxos membros serán nomeados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, estará integrada inicialmente por representantes institucionais e do ámbito xuvenil, tal e como se especifica a continuación:

1. Representantes institucionais:
 - Dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística
 - Dous representantes da Consellería de Política Social (Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado)
 - Un representante da Federación Galega de Municipios e Provincias
 - Un representante da Real Academia Galega
 - Un representante do Consello da Cultura Galega
2. Representantes do ámbito da xuventude:
 - Un representante da área do deporte
 - Un representante da área do lecer
 - Un representante da área do asociacionismo xuvenil
 - Un representante da área da comunicación dixital

De xeito puntual, a comisión de seguimento poderá incorporar anualmente novas entidades para asegurar a concreción e a posta en marcha de actividades específicas. A persoa representante de cada unha das organizacións que conforman esta comisión será designada en cada caso pola propia organización.

O sistema de seguimento e control do plan será dirixido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, que contará para o seu desenvolvemento coa Oficina Técnica do Plan do Observatorio da Lingua Galega ou outra entidade da mesma natureza.

O seguimento da execución do plan terá como principais fontes de información o Plan de acción anual, os seus informes de seguimento e a memoria de actividades.

Informe de seguimento

O informe de seguimento ten periodicidade anual e recolle o nivel de execución das actuacións levadas a cabo por cada órgano ou entidade comprometida na execución do Plan de acción anual. Ademais, na metade deste período, aos seis meses, marcarase un fito de seguimento para ter información do nivel de execución das actuacións planificadas.

A Oficina Técnica do Observatorio elaborará este informe a partir da información proporcionada por cada un dos órganos e entidades executoras das accións.

O grao de avance é o indicador que mide a execución de cada medida e de cada área ao longo de todo o período de vixencia do plan.

Memoria anual

A memoria anual recolle a información do estado de execución do plan de dinamización en conxunto e do seu grao de avance. Tamén inclúe a información relativa aos plans de acción.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística presentarlle cada ano á Comisión de Seguimento a memoria anual para súa aprobación.

Reunións de seguimento

Co obxecto de garantir unha continuidade na execución do plan e manter a participación e a transparencia, manteranse reunións periódicas cos responsables da execución que alimentarán os informes de seguimento.

Nestas reunións de seguimento poderán participar os responsables de áreas e/ou participantes na elaboración e na execución do plan.

Control da execución

Con base na información contida nos informes e nas reunións de seguimento e nas memorias anuais de execución do plan, a Secretaría Xeral de Política Lingüística establecerá as prioridades inmediatas e decidirá as accións correctivas e de control que sexan necesarias para garantir a execución do plan.

Avaliación

Os informes de seguimento e as memorias anuais serán a base para realizar unha avaliación da eficacia e a eficiencia do plan, e un axuizamento das fases de execución e dos seus resultados e impacto. A avaliación levarase a cabo tanto na finalización do proxecto como nun punto intermedio na metade do período do plan.

Comunicación e difusión da execución do plan

A execución do plan seralles comunicada aos distintos grupos e entidades de interese así como outros colectivos e persoas individuais sensibilizadas coa dinamización da lingua galega.

4. OBXECTIVOS



4. OBXECTIVOS

O presente plan toma como base a declaración de tres metas fundamentais e estrutúrase a partir de tres obxectivos estratéxicos principais que se descompoñen en varios obxectivos operativos. Os obxectivos estratéxicos están tomados do PXNLG, pero reformuláronse para darlles un enfoque máis actual.

No que respecta ás devanditas metas, con elas procúrase, por unha banda, favorecer o **uso do galego** nas relacións interpersoais da mocidade e nos diferentes medios en que se move. Trátase de promover unha estratexia de acción dirixida á xente nova para impulsar a utilización da lingua galega nas súas comunicacións e nos ámbitos nos que se desenvolve a súa vida cotiá: redes sociais, TIC, lecer, actividades de emprendemento, voluntariado, tempo libre, teatro, música...

Por outra banda, cómpre **implicar a sectores da sociedade** para promover accións co obxectivo de recuperar o uso habitual do galego. É necesario buscar a implicación dos diferentes actores (nais e pais, escola, universidade, tecido económico, medios de comunicación...) para levar a cabo actuacións tendentes a que o galego se converta en lingua de emprego cotián en calquera faceta da vida.

Por último, débese **fomentar o neofalantismo** e a implicación directa dos colectivos sociais, as asociacións xuvenís, deportivas, culturais etc., os centros educativos, as empresas e, en xeral, de todas as persoas que decidiron libremente utilizar o galego para comunicárense e desenvolveren a súa vida en nesta lingua.

4.1 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- **Potenciar o uso** do galego como lingua de relación na mocidade galega.
- Garantir que haxa en galego unha **oferta ampla, diversificada, competitiva e atraente de produtos de cultura e lecer**.
- **Fomentar todo tipo de creatividade, experimentación e innovación de base** en galego, como forma lúdica de galeguización e de creación de mercado cultural.

4.2 OBXECTIVOS OPERATIVOS

Obxectivos para potenciar o uso do galego:

- Incrementar a presenza do galego nos **ámbitos ou espazos** onde se desenvolve preferentemente a mocidade.

- **Estimular nas xeracións máis novas actitudes favorables** que se traduzan nun uso xeneralizado do galego.
- **Reforzar o uso do galego entre os galegofalantes** e proporcionarlles modelos lingüísticos galegófonos de referencia aos rapaces e rapazas de orixe castelanófona.
- **Mellorar a imaxe** estética do galego e vinculala tamén a unha sociedade cada vez máis **urbana e cosmopolita**.
- Concienciar as familias da transcendencia de **transmitirlles o galego aos seus descendentes**, do valor patrimonial e identitario da lingua e das vantaxes pedagóxicas, culturais, económicas, laborais e sociais do seu coñecemento e uso.
- Crear espazos para poder practicar e usar a lingua galega.

Obxectivos para garantir unha oferta de actividades e produtos de cultura e lecer en galego:

- Conseguir unha **oferta ampla, diversificada e atractiva de produtos culturais e de lecer** en galego, con especial atención aos de maior aceptación entre a infancia e a mocidade.
- Sensibilizar as asociacións e os colectivos **sobre a pertinencia e a necesidade de usar o galego** nas súas iniciativas (lúdicas, culturais, formativas, informativas etc.).
- Lograr que as asociacións e os colectivos sociais reforcen o seu papel como **axentes de promoción** da lingua e apoiar os que xa o fan.
- Lograr que o galego sexa a **lingua de comunicación co público** nos estadios, eventos e espectáculos deportivos e actividades de lecer, especialmente nos de seguimento masivo.
- Promover que as **empresas** que traballan coa mocidade desenvolvan as súas actividades e produtos en lingua galega.

Obxectivos para promover a creatividade de base en galego:

- Incentivar a **producción cultural e de lecer en galego**.
- Promover a **creatividade e a innovación** coas actividades e produtos culturais e de lecer, especialmente co **emprego das TIC**.
- Motivar e estimular a participación da mocidade en retos e actividades creativas que empreguen a lingua galega.
- Recoñecer, premiar e difundir actividades e produtos creativos desenvolto en galego.
- Promover foros e outro tipo de ámbitos de relación para desenvolver e compartir actividades creativas en lingua galega.

5. ÁREAS



5. ÁREAS

A clasificación das medidas en áreas ten como obxectivo agrupalas para axudar na súa aplicación e na implicación dos diferentes sectores relacionados coa mocidade. Esta división axuda tamén na tarefa de organización, seguimento e control do plan, pois facilita a creación de grupos de traballo por áreas, por exemplo, ou unha coordinación máis doada cos actores implicados na súa execución.

As áreas seleccionadas para o presente plan responden a unha análise dos principais ámbitos nos que se move a mocidade, nos que mostra maior interese ou que máis lle afectan ao longo desta etapa da súa vida. Os diferentes plans de xuventude postos en marcha pola DXXPV axudaron nesta escolla, pero non só, xa que tamén se acudiu a outras fontes, como o propio PXNLG, para determinar cales podían ser as áreas de maior interese para introducir medidas de fomento do uso da lingua galega entre a xente nova, de cara a conseguir que estas teñan o maior impacto posible e que axuden á consecución dos obxectivos que se pretenden no presente plan.

Así, as áreas nas que se van agrupar as diferentes medidas do plan son as seguintes:

- ASOCIACIÓNS
- DEPORTE
- LECER
- INDUSTRIAS CULTURAIS
- FAMILIA
- FORMACIÓN CONTINUA
- ENSINO
- COMUNICACIÓN DIXITAL E REDES SOCIAIS
- ECONOMÍA

Ademais destas áreas, inclúese un apartado de **medidas xerais** que recolle actuacións que lles afectan aos diferentes ámbitos que se teñen en conta no resto do plan. Son medidas de carácter transversal destinadas á mocidade no seu conxunto, válidas para este sector da poboación, pero tamén moitas delas extensibles a outros grupos de idade. Trátase de actuacións de forte calado e grande impacto, chamadas a converterse nun dos principais motores da dinamización lingüística entre a xente nova, e cunha repercusión suficiente que poida ter efectos a medio prazo no incremento da presenza e no uso da lingua galega en toda a sociedade.

5.1 ASOCIACIÓNS

A Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, establece que as administracións públicas deben impulsar a participación da mocidade para así lexitimar e dotar de maior coherencia as políticas dirixidas a este sector da poboación. Preténdese así fomentar o diálogo entre as institucións e a mocidade para contribuír ao desenvolvemento individual e colectivo deste grupo.

A participación xuvenil, como expresión dos valores democráticos e do pluralismo, que lle permite á xuventude decidir sobre o seu futuro, pode exercerse de xeito individual ou colectivo, mediante diferentes formas: as asociacións xuvenís e as súas federacións, as seccións xuvenís de asociacións non xuvenís etc.

As asociacións son, pois, unha forma máis de expresión, de participación activa na sociedade, que posibilitan que mozas e mozos acheguen novas ideas, compartan experiencias ou leven a cabo proxectos de interese. Xa que logo, debido ao seu importante papel na sociedade e, polo tanto, para a xente nova, semella de interese incluír esta área no presente plan, xa que a través deste tipo de entidades pode chegarse a un gran número de persoas novas. De feito, participación e asociacionismo é un dos eixes de actuación prioritarios que se vén recollendo nos últimos plans estratéxicos de xuventude postos en marcha pola DXXPV.

O asociacionismo aparece tamén no PXNLG como área 4 do sector 6 (sociedade) e, malia que non está centrada especificamente na mocidade, o certo que a importancia dos diferentes colectivos xuvenís para a posta en marcha de medidas de dinamización da lingua galega xustifica a súa inclusión neste plan, xa que son axentes fundamentais aos que dirixirse e que cómpre ter en conta á hora de deseñar estas medidas. Trátase ademais, polo xeral, de entidades nas que o galego, sobre todo nas vinculadas con actividades culturais, adoita estar bastante presente, o que pode axudar a unha maior receptividade á hora de colaborar na posta en marcha das actuacións previstas no presente plan. O informe do ano 2008 do Observatorio da Lingua Galega⁶ así o demostra, pois sinala que as asociacións veciñais e xuvenís son das que máis empregan a lingua galega, por exemplo, nas comunicacións exteriores, só por detrás das de tipo cultural.

Obxectivos:

- Potenciar unha oferta asociativa en galego dirixida a mozos e mozas.
- Reforzar a concienciación das asociacións xuvenís sobre a necesidade de usar a lingua galega nas súas iniciativas (lúdicas, culturais, formativas, informativas etc.)

⁶ OBSERVATORIO DA LINGUA GALEGA (2008): *Situación da lingua galega na sociedade. Observación no ámbito do tecido asociativo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- Lograr que as asociacións xuvenís se convertan en axentes clave de promoción da lingua.

5.2 DEPORTE

O ámbito deportivo, se ben abrangue toda a sociedade, o certo é que está moi vinculado coas prácticas habituais da mocidade e coas súas actividades de lecer. De feito, saúde e deporte é unha das liñas de acción prioritarias que se inclúen nos diferentes plans de xuventude da DXXPV. E isto é porque son moitas as mozas e os mozos que realizan algunha actividade deportiva, razón que o converte nun ámbito fundamental de actuación á hora de poñer en marcha medidas de impulso do galego entre a xente nova. Fundamental será, ademais, achegarse aos deportes de maior demanda por parte deste colectivo (fútbol, baloncesto, balonmán...), así como ás diferentes federacións, para que o galego vaia progresivamente aumentando a súa presenza e gañando en visibilidade, algo que repercutirá positivamente na súa imaxe e no seu impacto no colectivo xuvenil.

Tamén neste caso o PXNLG recolle un apartado dedicado ao mundo do deporte, con numerosas medidas dirixidas de forma explícita á mocidade, o que dá conta da vinculación que ten co colectivo obxecto do presente plan de dinamización e que xustifica a súa inclusión neste.

Os datos do informe do Observatorio da Lingua Galega⁷ relativos a este ámbito conclúen que as entidades deportivas de Galicia empregan maioritariamente o galego nas súas comunicacións co exterior, sobre todo no caso dos clubs situados en pequenas poboacións, onde se acadan cifras de uso desta lingua superiores á media e próximas ao 75 %. O galego emprégase en máis do 60 % das notas internas e nos formularios, pero esta cifra redúcese no material de cursos e nas aplicacións informáticas. Nestes dous supostos o castelán é máis habitual. En canto ás comunicacións orais, a maioría do persoal exprésase preferentemente en galego, especialmente no medio rural.

Obxectivos:

- Lograr que o galego sexa a lingua de comunicación habitual no ámbito deportivo (federacións, clubs etc.), especialmente entre profesionais que están en contacto directo coa xente nova (monitores/as, adestradores/as etc.).

⁷ OBSERVATORIO DA LINGUA GALEGA (2008): *Situación da lingua galega na sociedade. Observación no ámbito do tecido asociativo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- Fomentar a presenza do galego na información deportiva dos medios de comunicación así como das figuras do deporte que fan un uso habitual desta lingua para que sirvan de referentes á mocidade.
- Promover a presenza do galego na formación dos profesionais do deporte para que poidan desenvolver o seu labor en lingua galega.

5.3 LECER

Mocidade e lecer e, especificamente, lecer en lingua galega debe considerarse un dos ámbitos de actuación prioritarios neste plan. Recóllese como área 6 do sector 6 (Sociedade) no PXNLG, onde se menciona, de xeito específico, a necesidade de poñer en marcha unha oferta ampla, diversificada e atractiva de actividades e produtos de lecer en galego, prestando unha especial atención á xente nova.

O xa citado informe *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia* mostra datos relativos aos usos lingüísticos da xente nova no tempo de lecer. A enquisa realizada ao abeiro deste estudo revela que o 43 % das persoas entrevistadas se expresa en galego neste ámbito (en exclusiva ou maioritariamente), fronte ao 57 % restante que se inclina polo castelán. Estas porcentaxes, que visibilizan unha lixeira desvantaxe do galego, mostran a necesidade de levar a cabo actividades en galego para o lecer da mocidade, encamiñadas a inverter esta tendencia a través da creación dun contexto favorable á utilización desta lingua e da presenza de modelos lingüísticos que melloren a súa imaxe e proxecten unha idea de modernidade e posibilidade de uso en calquera ámbito.

No mesmo informe fálase da exposición ao galego nalgúns actividades de lecer, como teatro ou concertos. Así, sinálase que neste tipo de actos o grao declarado de exposición a esta lingua é dun 4,5 nunha escala de 0 a 10, o cal indica a feble presenza do galego nun tipo de actividade frecuentada pola xente nova, polo tanto, un ámbito de interese para poñer en marcha iniciativas que melloren esta situación.

Debido a todos estes argumentos anteriormente expostos, no marco do presente plan inclúranse medidas encamiñadas á posta en marcha de actividades de lecer en galego por parte dos organismos públicos, así como por entidades que traballan coa mocidade.

Obxectivos:

- Poñer en marcha unha oferta ampla, diversificada e atractiva de actividades de lecer en galego dirixidas á mocidade.
- Promover o uso do galego nas institucións públicas, empresas privadas, asociacións e colectivos organizadores de actividades lúdicas e de lecer.

- Ampliar a imaxe estética do galego, vinculada tamén á sociedade urbana e cosmopolita.
- Conseguir que as actividades de tempo libre funcionen como un espazo de socialización en galego da xente nova.

5.4 INDUSTRIAS CULTURAIS

É unha das áreas incluídas no sector 3 do PXNLG que tamén conta con varias medidas dirixidas á mocidade. A razón de incorporala ao presente plan é a necesidade de incrementar a oferta de produtos culturais en lingua galega dirixidos á xente nova e difundilos para dalos a coñecer entre este colectivo. É evidente que se trata dun sector da sociedade moi interesando neste ámbito e gran consumidor de produtos musicais, cómics, cinema, series etc., o que fai necesaria a intervención por medio do presente plan con medidas que incrementen a presenza do galego en todos eles.

O das industrias culturais é, así mesmo, un ámbito moi vinculado ao emprendemento, área á que tamén fai alusión o presente plan, e que se mencionará no apartado correspondente.

No informe Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia sinálase a escasa exposición ao galego nalgúns produtos culturais consumidos entre a xente nova. Así, no que respecta á presenza desta lingua na música, nunha escala de 0 a 10, sitúase no 3,1, mentres que en libros, xornais e revistas a media ascende a 5,0. Estes datos dan conta da necesidade de programar medidas dirixidas a incrementar o uso do galego nestes formatos de gran consumo entre a mocidade.

Obxectivos:

- Recoñecer e incentivar as empresas que realizan produtos culturais e de lecer en galego.
- Fomentar a dobraxe e a creación de subtítulos en galego, principalmente dos produtos audiovisuais máis consumidos pola mocidade, e difundir estes produtos para que cheguen a un maior número de mozas e mozos.
- Potenciar a tradución ao galego de obras literarias, cómics etc. de maior éxito entre a xuventude.

5.5 FAMILIA

Cando falamos de familia no marco do presente plan, estamos a referirnos á transmisión familiar da lingua galega. Unha parte do colectivo ao que vai dirixido, mocidade de ata 30 anos, está en idade de, se así o desexa, formar unha familia, polo que resulta de interese incluír medidas destinadas a que tome conciencia da importancia e a necesidade de transmitirllas á lingua galega aos seus fillos e fillas. Cómpre sensibilizar a sociedade das vantaxes que supón esta transmisión e ofrecerlles consellos e argumentos que axuden nesta tarefa.

O propio PXNLG contén unha área dedicada á transmisión familiar que inclúe medidas destinadas a lograr unha concienciación sobre a importancia de falarlles en galego ás nenas e aos nenos para incrementar o número de falantes desta lingua e reverter o proceso de abandono do galego por parte da xente nova.

No informe do Consello da Cultura Galega *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*, na parte cualitativa, fálase da posición das mozas e mozos participantes nos grupos de discusión acerca da transmisión familiar do galego aos seus descendentes. Das súas palabras despréndese, en liñas xerais, un escaso compromiso con esta transmisión, agás no caso de certos discursos, como o da identidade afectiva (participantes do medio rural) e o normalizador do galego (presente en participantes de zonas urbanas e vilegas).

Obxectivos:

- Concienciar a xente nova dos valores identitarios e das vantaxes pedagóxicas, sociais e culturais de coñecer o galego.
- Fomentar a transmisión e a aprendizaxe do galego dentro das familias, sobre todo, nas asentadas en núcleos urbanos.

5.6 FORMACIÓN CONTINUA

Neste apartado inclúense medidas destinadas a aumentar a presenza e o ensino da lingua galega na formación non regrada, isto é, a que non está incluída no sistema educativo oficial. Trátase dunha ensinanza impartida por academias e centros privados, cuxos plans educativos teñen, por este motivo, maior liberdade e son máis variados, o cal favorece a posibilidade de incluír contidos que axuden á adquisición de coñecementos e competencias en galego por parte do alumnado que cursa este tipo de estudos. Esta formación está adaptada á sociedade actual e moi enfocada ao mercado laboral. De aí a importancia de que os seus plans de estudo inclúan o galego como lingua de ensino ou vehicular, que axude o alumnado a exercer a súa profesión neste idioma.

Neste sentido, no presente plan deseñaranse actuacións formativas destinadas á mocidade que realiza estudos non regrados para que poida desenvolver nun futuro a súa actividade profesional en lingua galega, pero tamén para colectivos específicos, sobre todo, os que traballan habitualmente con xente nova (monitoras/es de tempo libre, adestradoras/as, animadoras/es etc.). É importante que estas persoas teñan, non só un bo coñecemento da lingua galega, senón tamén recursos que faciliten a súa utilización no exercicio do seu labor coa mocidade.

Obxectivos:

- Aumentar as competencias lingüísticas da xente nova mediante a inclusión da lingua galega nos plans educativos dos centros de formación non regrada.
- Mellorar as competencias en galego dos profesionais que traballan con colectivos xuvenís que garantan unha competencia axeita que lles permita realizar o seu labor nesta lingua.

5.7 ENSINO

Trátase dun ámbito fundamental para a mocidade, no que o galego está presente non só como materia de uso obrigatorio, senón tamén como lingua vehicular nalgunhas das áreas que cursa a mocidade estudante. É, ademais, o contexto no que, na actualidade, moita xente nova entra en contacto por vez primeira co galego e no que aprende a lingua, sobre todo no caso das mozas e os mozos que habitan nas urbes. Por este motivo, cómpre seguir traballando neste ámbito, como así tamén o recolle o propio PXNLG, para incrementar as medidas destinadas non só a unha mellora das competencias, senón, e sobre todo, destinadas a crear unha maior concienciación na xente nova sobre a importancia e as vantaxes que supón a lingua galega, así como mellorar a súa imaxe e desmontar certos prexuízos que, segundo indican os estudos, aínda se manteñen nalgúns sectores da xuventude.

Obxectivos:

- Continuar coa aposta polo ensino como ámbito de actuación prioritario para a galeguización da mocidade e para a mellora das súas competencias en galego, así como das actitudes, que repercutan de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual.
- Garantir unha oferta de actividades e materiais que fagan atractivo o contacto coa lingua galega nos centros educativos, principalmente a través dos soportes máis populares entre a xente nova (audiovisuais, redes sociais, internet etc.).

5.8 COMUNICACIÓN DIXITAL E REDES SOCIAIS

As novas tecnoloxías constitúen un dos tres sectores denominados transversais no PXNLG, no que se salienta a súa relevancia para o futuro da lingua. E se isto xa se sinalaba no ano da publicación deste plan en 2004, na actualidade non só se confirma a súa importancia, senón que novas formas de comunicación que foron xurdindo nos últimos anos, nomeadamente a través das diferentes redes sociais, convérteno nun sector clave no que actuar de cara a que toda a cidadanía, sobre todo a xente nova, principal usuaria destas redes, dispoña destas ferramentas en lingua galega. Trátase, polo tanto, dun sector estratéxico polo que cómpre apostar e no que se deben deseñar medidas de futuro que favorezan un maior dinamismo e presenza do galego neste eido.

O xa citado informe *Mocidade, lingua e redes sociais* dá conta da importancia deste ámbito entre o colectivo xuvenil e ofrece datos que amosan a necesidade de establecer medidas que axuden a incrementar o uso do galego por parte da xente nova neste tipo de medios. Trátase dun importante desafío, como neste estudo se sinala, pois o galego xoga parte do seu futuro nas redes sociais, pero, ao mesmo tempo, dunha grande oportunidade, xa que estas poden axudar a incrementar o seu prestixio e o seu uso entre a mocidade. Sinálanse no informe estratexias de intervención dirixidas a que a visibilidade e a utilización do galego na rede medren, entre as que destacan as iniciativas de carácter estrutural, que poden terse en conta no presente plan.

Obxectivos:

- Aumentar a presenza e a visibilidade da lingua galega en internet, as redes sociais e as aplicacións móbiles.
- Fomentar o uso do galego nas redes sociais para que esta se converta en lingua de comunicación habitual entre a xente nova.
- Promover a escolla do galego nas interfaces, aplicacións, sistemas operativos... que dispoñen desta opción.
- Dar a coñecer as redes sociais en galego e fomentar o seu uso entre a xente nova.
- Incentivar as entidades que xa dispoñen de medios e canles de comunicación en galego e promover que o usen as que aínda non o fan.

5.9 ECONOMÍA

A Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia recolle, no seu artigo 9, Xuventude, creatividade e espírito emprendedor, que dende a Xunta se *fomentará o espírito emprendedor, potenciando entre a xuventude un sistema de actitudes e preocupacións do que formen parte a iniciativa propia, a responsabilidade, a planificación de obxectivos vitais, a perseveranza, o compromiso e a flexibilidade* e que se adoptarán *medidas e accións tendentes a que a xuventude encontre facilidades para a creación do seu propio posto de traballo, así como a posta en marcha dos seus propios proxectos empresariais*.

O novo plan de xuventude que no que se está a traballar na actualidade tamén recolle a creatividade e o espírito emprendedor, e o emprego como áreas de traballo, dentro do bloque dedicado á autonomía e á emancipación.

Así mesmo, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ofrece multitude de recursos para favorecer o emprendemento, como manuais explicativos con información de utilidade para emprender ou puntos de asesoramento nos que se proporcionan orientacións e aclaracións sobre trámites e pasos que cómpre dar para poñer en marcha un negocio.

O emprendemento constitúe, xa que logo, un eixe de actuación importante dentro das políticas da Xunta de Galicia para a poboación en xeral e para a mocidade en particular. Por este motivo, resulta pertinente incluílo como unha das áreas de actuación do presente plan, de maneira que se aproveiten todas as iniciativas que se están a desenvolver neste eido para incluír a lingua galega como tema transversal que afecte a todas elas.

Por outra banda, non podemos esquecer que no ano 2016 a Xunta de Galicia aprobou o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020, que inclúe medidas que poden aplicarse á mocidade emprendedora ou que conta cun negocio, polo que este proxecto tamén debe ser unha referencia na posta en marcha de actuacións de impulso do galego entre este colectivo.

Obxectivos:

- Reforzar o papel do galego nos recursos dedicados ao emprendemento que poña en marcha a Administración.
- Fomentar a utilización do galego nas actividades emprendedoras postas en marcha pola xente nova.
- Vincular emprendemento e lingua galega como estratexia de diferenciación fronte á competencia, como elemento de calidade, distinción, proximidade e modernidade.

6. MEDIDAS



6. MEDIDAS

A continuación enuméranse as medidas que este plan prevé implantar para o impulso do galego entre a xente nova ata o ano 2022. Trátase de medidas realistas, acordes co actual contexto económico e pensadas para unha execución progresiva ao longo de todo o período previsto. As medidas agrúpanse por áreas de actuación escollidas desde o punto de vista da operatividade na súa posta en marcha, pois esta división facilitará a organización, o desenvolvemento e a avaliación de cada unha delas. O criterio para a selección destas áreas foi, principalmente, o seu impacto e a súa relación co sector de poboación ao que se dirixe, isto é, a mocidade.

Outra das filosofías destas medidas é o criterio do fomento da lingua galega coa implicación doutros, isto é, que desde o órgano promotor se impulse a participación de todos os actores relacionados coa mocidade para poñer en marcha as actuacións previstas neste plan.

Coa maioría das medidas búscase obter o maior impacto posible, no sentido de que os seus resultados sexan visibles ante a sociedade e poder así motivar a posta en marcha dun número de actuacións crecente. Alén diso, procurouse que as medidas fosen o máis concretas posible, co obxectivo de que poidan ser facilmente cuantificadas e de que se poida facer un seguimento da súa evolución. Este seguimento poderá ampliar o nivel de detalle das actuacións no avance da execución do plan.

Outra das posibilidades que ofrece esta división en áreas consiste en poder agrupar as actuacións en proxectos a medida que se desenvolvan os plans anuais, en función das entidades que interveñan na súa posta en marcha.

Por último, cómpre sinalar que se inclúe no plan un grupo de medidas denominadas xerais que están pensadas para poder aplicarse a calquera área, mesmo outras non mencionadas explicitamente no plan.

6.1 MEDIDAS XERAIS

- XE.1 Desenvolvemento de **campañas de sensibilización e de difusión** de información sobre a lingua galega na mocidade: situación actual, evolución, previsións futuras, tópicos etc.
- XE.2 Promoción e posta en valor das vantaxes do galego como lingua que abre as portas á **lusofonía**.
- XE.3 Desenvolvemento dun programa de **voluntariado lingüístico**, no que se inclúan actuacións como a posta en marcha de procesos participativos para recoller propostas

de dinamización do galego no eido da mocidade, e promover a súa difusión e dinamización.

- XE.4 Apoio a **publicacións e ferramentas de información e comunicación** en galego, en soporte dixital ou en papel, que difundan as actividades de interese para a mocidade.
- XE.5 Aumento da **coordinación cos órganos e entidades da Xunta de Galicia**, así como con **outras administracións** para o desenvolvemento de actividades e o aproveitamento de sinerxías.
- XE.6 Establecemento dun programa de **actuacións específicas** que faciliten a incorporación ao galego da mocidade, especialmente dirixidas a neofalantes, xuventude de fóra de Galicia, grandes cidades, mocidade castelanófona, transmisión familiar ou uso das TIC.
- XE.7 Creación dun **espazo informativo destinado á mocidade** sobre temas de lingua, no que se inclúan recursos como produtos para o lecer e xogos en galego, ferramentas tecnolóxicas etc.
- XE.8 Apoio ás empresas e ás entidades que ofrecen produtos e servizos de interese para a mocidade para que fagan a súa **oferta en galego**.

6.2 ASOCIACIÓNS

- AS.1 **Fomento da implicación de asociacións e colectivos** dos diferentes sectores sociais para alcanzar compromisos e desenvolver accións que impulsen o uso e a normalización do galego.
- AS.2 Promoción do establecemento de **relacións, redes e colaboracións** entre as asociacións que empregan o galego.
- AS.3 Apoio e recoñecemento para as **asociacións e os colectivos que xa están desenvolvendo actividades en galego**, para que melloren e estendan a súas prácticas.

6.3 DEPORTE

- DE.1 Fomento coas federacións e clubs, entre outras entidades deportivas, da utilización do galego nas **actividades deportivas** de afeccionados e profesionais e na **formación técnica**, así como difusión do **material terminolóxico** necesario para o seu desenvolvemento en galego.
- DE.2 Establecemento de **acordos coas entidades deportivas** (clubs, federacións etc.) co obxectivo de incorporar o galego ás súas comunicacións e impulsar o respecto á toponimia galega, así como con deportistas de elite galegofalantes para que fagan sempre en galego as súas declaracións aos medios.

- DE.3 Apoio aos **medios de comunicación** para que usen o galego na información deportiva.
- DE.4 Desenvolvemento dunha **campaña dirixida a programas e proxectos de actividade física e deportiva** na que se **vincule o** exercicio físico coa lingua galega.

6.4 LECER

- LE.1 **Fomento da presenza e o uso do galego** nos espazos e **ámbitos sociais de máis impacto** para a mocidade (centros comerciais, tendas de roupa, bares, pubs, discotecas...).
- LE.2 **Fomento da utilización** do galego nos espectáculos, actuacións e actividades de lecer (concertos, campamentos, obradoiros...) e **establecemento de acordos de colaboración** con organizadores e asociacións profesionais e cos intermediarios artísticos.
- LE. 3 Impulso dunha **oferta ampla** de actividades de lecer en galego e da aparición nesta lingua de manifestacións dos **xéneros e a estética** que hoxe teñen **éxito entre a mocidade urbana**.

6.5 INDUSTRIAS CULTURAIS

- IC.1 Promoción da utilización habitual do galego nos **contidos e canles** de comunicación baseados nas **TIC**: web, redes sociais etc.
- IC.2 Establecemento de acordos para dispoñer dunha **oferta abonda e competitiva de produtos culturais e audiovisuais** en galego traducidos ou subtitulados, con especial atención aos de grande éxito internacional.
- IC.3 Promoción da **creación e a produción cultural** en lingua galega, e fomento da súa calidade e diversificación.
- IC.4 Impulso na **CRTVG** de programación de espazos de música, ciencia, cine, reportaxes, series e debates de interese para a mocidade.
- IC.5 Establecemento de **contacto coas canles de televisión e de radio** locais para incrementar o uso do galego nos programas destinados á mocidade.

6.6 FAMILIA

- FA.1 Realización dunha campaña para que as familias lles **transmitan o galego aos fillos/as** e que a lingua galega se use nas **interaccións familiares**.
- FA.2 **Ofrecemento de consellos e argumentos** sobre a necesidade de aprenderlles galego aos fillos/as nos materiais informativos para as familias que acaban de ter un fillo/a.

- FA.3 Recomendacións destinadas aos responsables dos **servizos persoais á familia** para que sexan dinamizadores do galego, completando a súa formación lingüística e sociolingüística e de lecer.

6.7 FORMACIÓN CONTINUA

- FO.1 Promoción e desenvolvemento de **recursos, materiais e accións de formación** lingüística e sociolingüística, especialmente para persoal (monitores, formadores, adestradores etc.) que leve a cabo actividades destinadas á mocidade.
- FO.2 Establecemento de **programas de formación e dinamización** da lingua galega entre os diferentes perfís e colectivos de poboación (neofalantes, inmigrantes etc.) e impulso ao seu emprego en programas de educación non formal que axudan a mellorar as capacidades da mocidade.

6.8 ENSINO

- EN.1 Realización dunha **campaña de información e sensibilización** específica ante o uso do galego para os diferentes membros da comunidade educativa.
- EN.2 Posta en marcha dunha **programación estable e periódica de actividades** de información e sensibilización sobre o uso do galego para os diferentes membros da comunidade educativa e establecemento de acordos e convenios cando sexan precisos.
- EN.3 Fomento e potenciación do **uso da lingua galega no contorno escolar e universitario** e promoción de espazos de lecer en galego, con accións específicas e urxentes para os **contextos castelanófonos**.


6.9 COMUNICACIÓN DIXITAL E REDES SOCIAIS

- CD.1 Potenciación das redes sociais como canle prioritaria de divulgación das campañas da Administración destinadas á mocidade e das medidas de dinamización lingüística postas en marcha no eido dixital.
- CD.2 Promoción da dispoñibilidade do galego nas interfaces dos sistemas dixitais, especialmente dos máis empregados.
- CD.3 Promoción e apoio á creatividade no desenvolvemento de novas iniciativas nas redes sociais e internet.
- CD.4 Apoio, recoñecemento e difusión dos proxectos dixitais que publican integramente en galego.
- CD.5 Fomento do uso e a creación de contidos en galego en internet, especialmente na Galipedia (Wikipedia en galego).

6.10 ECONOMÍA

- EM.1 **Información á mocidade** que vai acceder ao mundo laboral sobre temas lingüísticos, para orientala no relativo ao uso das linguas neste ámbito (currículos, entrevistas de traballo, comunicacións etc.).
- EM.2 Potenciación do uso e a normalización do galego nas **entidades e servizos relacionadas co emprego e o emprendemento**, especialmente nos de máis contacto coa mocidade.
- EM.3 Difusión dun documento de **vantaxes do galego** no eido empresarial entre a mocidade e, especialmente, entre a mocidade emprendedora.

7. CRONOGRAMA



7. CRONOGRAMA

Deseguido preséntanse as medidas incluídas no plan coa súa programación anual de execución. Como norma xeral, as medidas das diferentes áreas trataron de concentrarse en determinados períodos anuais consecutivos, para facilitar a súa ordenación e execución.

Medidas xerais:

Medidas xerais	2019	2020	2021	2022
XE.1 Desenvolvemento de campañas de sensibilización e de difusión de información sobre a lingua galega na mocidade: situación actual, evolución, previsións futuras, tópicos etc.				
XE.2 Promoción e posta en valor das vantaxes do galego como lingua que abre as portas á lusofonía.				
XE.3 Desenvolvemento dun programa de voluntariado lingüístico, no que se inclúan actuacións como a posta en marcha de procesos participativos para recoller propostas de dinamización do galego no eido da mocidade, e promover a súa difusión e dinamización.				
XE.4 Apoio a publicacións e ferramentas de información e comunicación en galego, en soporte dixital ou en papel, que difundan as actividades de interese para a mocidade. , especialmente, as de grupos e colectivos locais.				
XE.5 Aumento da coordinación cos órganos e entidades da Xunta de Galicia, así como con outras administracións para o desenvolvemento de actividades e o aproveitamento de sinerxías.				
XE.6 Establecemento dun programa de actuacións específicas que faciliten a incorporación ao galego da mocidade, especialmente dirixidas a neofalantes, xuventude de fóra de Galicia, grandes cidades, mocidade castelanófono, transmisión familiar ou uso das TIC.				
XE.7 Creación dun espazo informativo destinado á mocidade sobre temas de lingua, no que se inclúan recursos como produtos para o lecer e xogos en galego, ferramentas tecnolóxicas etc.				
XE.8 Apoio ás empresas e ás entidades que ofrecen produtos e servizos de interese para a mocidade para que fagan a súa oferta en galego.				

Medidas das asociacións:

Medidas das asociacións	2019	2020	2021	2022
AS.1 Fomento da implicación de asociacións e colectivos dos diferentes sectores sociais para alcanzar compromisos e desenvolver accións que impulsen o uso e a normalización do galego.				
AS.2 Promoción do establecemento de relacións, redes e colaboracións entre as asociacións que empregan o galego.				
AS.3 Apoio e recoñecemento para as asociacións e os colectivos que xa están desenvolvendo actividades en galego, para que melloren e estendan a súas prácticas.				

Medidas do deporte:

Medidas do deporte	2019	2020	2021	2022
DE.1 Fomento coas federacións e clubs, entre outras entidades deportivas, da utilización do galego nas actividades deportivas de afeccionados e profesionais e na formación técnica, así como difusión do material terminolóxico necesario para o seu desenvolvemento en galego.				
DE.2 Establecemento de acordos coas entidades deportivas (clubs, federacións etc.) co obxectivo de incorporar o galego ás súas comunicacións e impulsar o respecto á toponimia galega, así como con deportistas de elite galegofalantes para que fagan sempre en galego as súas declaracións aos medios.				
DE.3 Apoio aos medios de comunicación para que usen o galego na información deportiva.				
DE.4 Desenvolvemento dunha campaña dirixida a programas e proxectos de actividade física e deportiva na que se vincule o exercicio físico coa lingua galega.				

Medidas do lecer:

Medidas do lecer	2019	2020	2021	2022
LE.1 Fomento da presenza e o uso do galego nos espazos e ámbitos sociais de máis impacto para a mocidade (centros comerciais, tendas de roupa, bares, pubs, discotecas...).				
LE.2 Fomento da utilización do galego nos espectáculos, actuacións e actividades de lecer (concertos, campamentos, obradoiros...) e establecemento de acordos de colaboración con organizadores e asociacións profesionais e cos intermediarios artísticos.				
LE.3 Impulso dunha oferta ampla de actividades de lecer en galego e da aparición nesta lingua de manifestacións dos xéneros e a estética que hoxe teñen éxito entre a mocidade urbana.				

Medidas das industrias culturais:

Medidas das industrias culturais	2019	2020	2021	2022
IC.1 Promoción da utilización habitual do galego nos contidos e canles de comunicación baseados nas TIC: web, redes sociais etc.				
IC.2 Establecemento de acordos para dispoñer dunha oferta abonda e competitiva de produtos culturais e audiovisuais en galego traducidos ou subtitulados, con especial atención aos de grande éxito internacional.				
IC.3 Promoción da creación e a produción cultural en lingua galega, e fomento da súa calidade e diversificación.				
IC.4 Impulso na CRTVG de programación de espazos de música, ciencia, cine, reportaxes, series e debates de interese para a mocidade.				
IC.5 Establecemento de contacto coas canles de televisión e de radio locais para incrementar o uso do galego nos programas destinados á mocidade.				

Medidas da familia:

Medidas da familia	2019	2020	2021	2022
FA.1 Realización dunha campaña para que as familias lles transmitan o galego aos fillos/as e que a lingua galega se use nas interaccións familiares.				
FA.2 Ofrecemento de consellos e argumentos sobre a necesidade de aprenderlles galego aos fillos/as nos materiais informativos para as familias que acaban de ter un fillo/a.				
FA.3 Recomendacións destinadas aos responsables dos servizos persoais á familia para que sexan dinamizadores do galego, completando a súa formación lingüística e sociolingüística e de lecer.				

Medidas de formación continua:

Medidas de formación continua	2019	2020	2021	2022
FO.1 Promoción e desenvolvemento de recursos, materiais e accións de formación lingüística e sociolingüística, especialmente para persoal (monitores, formadores, adestradores etc.) que leve a cabo actividades destinadas á mocidade.				
FO.2 Establecemento de programas de formación e dinamización da lingua galega entre os diferentes perfís e colectivos de poboación (neofalantes, inmigrantes etc.).				

Medidas do ensino:

Medidas do ensino	2019	2020	2021	2022
EN.1 Realización dunha campaña de información e sensibilización específica ante o uso do galego para os diferentes membros da comunidade educativa.				
EN.2 Posta en marcha dunha programación estable e periódica de actividades de información e sensibilización sobre o uso do galego para os diferentes membros da comunidade educativa e establecemento de acordos e convenios cando sexan precisos.				
EN.3 Fomento e potenciación do uso da lingua galega no contorno escolar e universitario e promoción de espazos de lecer en galego, con accións específicas e urxentes para os contextos castelanófonos.				


Medidas de comunicación dixital e redes sociais:

Medidas da comunicación dixital e redes sociais	2019	2020	2021	2022
CD.1 Potenciación das redes sociais como canle prioritaria de divulgación das campañas da Administración destinadas á mocidade e das medidas de dinamización lingüística postas en marcha no eido dixital.				
CD.2 Promoción da dispoñibilidade do galego nas interfaces dos sistemas dixitais, especialmente dos máis empregados.				
CD.3 Promoción e apoio á creatividade no desenvolvemento de novas iniciativas nas redes sociais e internet.				
CD.4 Apoio, recoñecemento e difusión dos proxectos dixitais que publican integramente en galego.				
CD.5 Fomento do uso e a creación de contidos en galego en internet, especialmente na Galipedia (Wikipedia en galego).				

Medidas de economía:

Medidas da economía	2019	2020	2021	2022
EM.1 Información á mocidade que vai acceder ao mundo laboral sobre temas lingüísticos, para orientala no relativo ao uso das linguas neste ámbito (currículos, entrevistas de traballo, comunicacións etc.).				
EM.2 Potenciación do uso e a normalización do galego nas entidades e servizos relacionadas co emprego e o emprendemento, especialmente nos de máis contacto coa mocidade.				
EM.3 Difusión dun documento de vantaxes do galego no eido empresarial entre a mocidade e, especialmente, entre a mocidade emprendedora.				

8. ORZAMENTO



8. ORZAMENTO

O orzamento deste Plan de dinamización da lingua galega na mocidade para o seu desenvolvemento no ano 2019 alcanza un total de 4 154 947 euros. A estimación para os anos 2020, 2021 e 2022 prevese que alcance 12 404 841 euros.

Así pois, o orzamento total previsto para os catro anos do plan é de 16 559 788 euros.

A distribución por tipo de entidade entre Secretaría Xeral de Política Lingüística e o resto de órganos da Xunta de Galicia é a seguinte:

Tipo de entidade	Orzamento anual do Plan				Total Plan (2019-22)
	2019	2020	2021	2022	
Secretaría Xeral de Política Lingüística	1.906.668	1.906.668	1.906.668	1.906.668	7.626.672
Outros órganos externos á SXPL	2.370.279	2.370.279	2.370.279	2.310.279	9.421.116
Total: SXPL e externos	4.276.947	4.276.947	4.276.947	4.216.947	17.047.788

A desagregación dos órganos de Xunta de Galicia diferentes da Secretaría Xeral de Política Lingüística é a seguinte:

Entidade	Orzamento anual do Plan				Total Plan (2019-22)
	2019	2020	2021	2022	
D.X. Consumo	53.101	53.101	53.101	53.101	212.402
S.X. Emprego. PRL	60.000	60.000	60.000	0	180.000
AGADER	30.076	30.076	30.076	30.076	120.303
D.X. Xuventude	141.000	141.000	141.000	141.000	564.000
CRTVG	1.295.794	1.295.794	1.295.794	1.295.794	5.183.178
Amtega	317.151	317.151	317.151	317.151	1.268.603
Educación Centros e RRHH	358.275	358.275	358.275	358.275	1.433.100
Bibliotecas	52.250	52.250	52.250	52.250	209.000
S.X. Emigración	62.633	62.633	62.633	62.633	250.530
TOTAL	2.370.279	2.370.279	2.370.279	2.310.279	9.421.116

Nota.- Os importes non son totalmente definitivos e poden experimentar algunhas variacións.

9. BIBLIOGRAFÍA



9. BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ SOUSA, A. (2015): "Coñecemento e uso do galego na Universidade da Coruña. A influencia da globalización", *Actas das XI Xornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e Universidade*. A Coruña: Universidade da Coruña.

ÁLVAREZ, R. (coord.) (2017): *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

CALVET, A. e CALVET, L. J. (2017): *Baromètre Calvet des langues du monde*. Dispoñible en <http://www.wikilf.culture.fr/barometre2017/>.

DOMÍNGUEZ, L. A. e F. RAMALLO (2012): *Mocidade, lingua e redes sociais*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2019): Enquisa de poboación activa. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2018): Cifras poboacionais de referencia. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2004): Enquisa de Condición de Vida das Familias. Módulo de coñecemento e uso do galego 2003. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2009): Enquisa de Condición de Vida das Familias. Módulo de coñecemento e uso do galego 2008. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2014): Enquisa de Condición de Vida das Familias. Módulo de coñecemento e uso do galego 2013. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.

INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA (2017): *Encuesta sobre la participación de la población adulta en las actividades de aprendizaje. Año 2016*. Dispoñible en <http://www.ine.es/dynt3/inebase/index.htm?padre=4477>

LUACES PAZOS, R.; SÁNCHEZ BELLO, P.; VAAMONDE LISTE, A.; COSTAS GONZÁLEZ, X. H.; CASTRO FIGUEIRAS, E. M.; RODRÍGUEZ RICART, M. C. e CABRAL PEDREIRA, P. (2018): *Estudo sociolingüístico sobre o uso do galego na Universidade de Vigo*. Vigo: Universidade de Vigo.

OBSERVATORIO DA LINGUA GALEGA (2008): *Situación da lingua galega na sociedade. Observación no ámbito do tecido asociativo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

O'ROURKE, B.; F. RAMALLO (2013): «'A miña variedade é defectuosa': a lexitimidade social das neofalas», *Estudos de lingüística galega* 5, 89-103.

RAMALLO, F. (2013). «Neofalantismo». En: E. Gugenberger; H. Monteagudo; G. Rei-Doval (eds.). *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

REAL ACADEMIA GALEGA (2016): *Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Real Academia Galega.

REAL ACADEMIA GALEGA (2018): *Lingua e sociedade en Galicia. Resumo de resultados 1992-2016*. A Coruña: Real Academia Galega.

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA (2004): *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (2019): *Usos lingüísticos docentes no curso 2018-2019*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.



galicia



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA